



VI Concurso Escolar de Poesía Rosalía de Castro

VI CONCURSO ESCOLAR DE POESÍA

Rosalía de Castro

Para difundir no mundo escolar a relevancia da autora de *Cantares gallegos*, a Fundación Rosalía de Castro e El Corte Inglés convocan un concurso de poesía para o alumnado de Secundaria e de Bacharelato que se rexerá polas seguintes bases:

- 1.º Estableceranse tres niveis de participación:
 - I. 1.º ciclo ESO (1.º e 2.º).
 - II. 2.º ciclo ESO (3.º e 4.º).
 - III. Bacharelato.
- 2.º. As obras –que deberán ser orixinais na súa totalidade e rigorosamente inéditas– serán redactadas en lingua galega.
- 3.º. O tema e a forma poética escollida será de libre elección.
- 4.º. A extensión máxima non excederá os 50 versos, podendo estar repartidos en varios poemas. Só se aceptará un máximo de dous traballos por autor ou autora.
- 5.º. Remitiranse catro copias sen asinar, de cada un dos traballos nun sobre pechado, en cuxo exterior figurará o título da obra, o nivel no que concursa e un pseudónimo. No interior do sobre, enviarase unha nota cos datos seguintes: título da obra, nome, apelidos, curso e centro, domicilio e teléfono do autor ou autora e un enderezo electrónico.
- 6.º. A Comisión Organizadora designará un Xurado Cualificador que será quen decida sobre calquera dúbida que poidan orixinar estas BASES, sendo o seu fallo inapelable.
- 7.º. O prazo de admisión dos orixinais finalizará o día 25 de maio de 2018 e poden remitirse ou entregarse en man nos

Departamentos de Comunicación de calquera dos centros de El Corte Inglés de Galicia:

COMPOSTELA:

Restolal, 50, planta baixa
15702 Santiago de Compostela

A CORUÑA:

- Ramón y Cajal, 57, andar 1
15006 A Coruña
- Martineda
Estrada Baños de Arteixo, s/n, soto 1
15008 A Coruña

VIGO:

Gran Vía, 25-27, andar 7
36204 Vigo

8.º. En cada categoría estableceranse un primeiro premio e dous accésit:

Primeiro premio: iPad 32GB

1.º Accésit:

Tarxeta de agasallo de El Corte Inglés, por un valor de 200€

2.º Accésit:
Tarxeta de agasallo de El Corte Inglés, por un valor de 100€

9.º. O fallo do concurso farase público o día 1 de xuño de 2018 e a entrega de premios terá lugar no auditorio da Casa de Rosalía o día 8 de xuño en acto poético-musical ao que serán convidados os familiares, profesores e compañeiros dos premiados. O libro presentaráse o 15 de xuño, nos xardíns da Casa, coincidindo co acto institucional da Fundación.

10.º. A Comisión Organizadora resérvase o dereito da publicación dos traballos presentados. Os premiados comprométese a entregar as obras nun soporte informático (CD), ou por medio do correo electrónico, á organización con vistas á súa futura publicación.

11.º. A participación neste Concurso significa a plena aceptación destas Bases e do fallo do xurado.

Para calquera información adicional recoméndase enviar un correo a fundacion@rosaliadecastro.gal